



MINISTERIO
DEL INTERIOR



NOTIFICACIÓN DE TRANSMISIÓN OU VENDA DO VEHÍCULO

IMPORTANTE: Antes de solicitar o cambio de titularidade do vehículo **deberá:**

- **Cancelar** calquera limitación de disposición que tivese inscrita no Rexistro de Bens Mobles, salvo consentimento expreso da financeira.
- **Aboar** as sancións impostas por infraccións de transportes anotadas no Rexistro de Vehículos.
- **Liquidar o imposto de circulación** do ano anterior.
- **Lembre** que para realizar trámites en todas as xefaturas é necesario **solicitar cita previa**

■ **Solicitude** en impreso oficial (*impreso dispoñible en www.dgt.es*).

■ **Taxa** por importe de 8,50 €. (Non se admite o pagamento en metálico).

■ **Identificación da persoa interesada:**

- Persoas físicas: documento oficial que acredite a identidade e domicilio da persoa titular (DNI, permiso de conducción español, tarxeta de residencia, pasaporte máis número de identificación de estranxeiros).
- Persoas xurídicas: tarxeta de identificación fiscal da sociedade e acreditar a representación e identidade da persoa que asine (*modelo dispoñible en www.dgt.es*).
- Menores ou incapacitados: datos e sinatura do pai, nai ou titor, o seu DNI e documento que acredite o concepto polo que actúen.

■ **Documento acreditativo da transmisión** en que conste o DNI, CIF ou NIE da persoa adquirente (contrato, factura no caso de persoas xurídicas, recibo etc.).

■ **Permiso de circulación.**

■ **Ademais dos documentos anteriores:**

- **Vehículos agrícolas:** documento acreditativo da baixa no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola da comunidade autónoma, salvo acreditación telemática no Rexistro de Vehículos da DXT.
- Xustificante do pagamento/exención do **imposto especial sobre determinados medios de transporte**, nos casos en que o cambio de titularidade de vehículos de autoescola, alugamento sen condutor, cambio de residencia, que estiveron exentos do pagamento no momento da matriculación, se efectúe antes dos prazos legalmente previstos.

NOTA: Se o vehículo se transmite a un compravenda, a notificación de transmisión supón a súa **baixa temporal**.

Se o vehículo se transmitiu a un particular, **anotarase o cambio de titularidade**, pero non se expedirá o permiso de circulación.

NOTA: Se non presenta o trámite a persoa adquirente, será necesario acompañar unha autorización asinada por esta, xunto co seu DNI orixinal, na que se faga constar a gratuidade (*modelo dispoñible en www.dgt.es*).

En caso de ausencia de acreditación fidedigna dalgún dos datos arriba requiridos, poderá solicitarse documentación adicional.

Actualizada 05/07/2018